

RESOLUCIÓN REITORAL DE ADXUDICACIÓN DUNHA BOLSA COMPLEMENTARIA A ALUMNADO DOS CAMPUS DE PONTEVEDRA E VIGO QUE TEN ADXUDICADA UNHA PRAZA ERASMUS + ESTUDOS NO CURSO 2022-2023

A Universidade de Vigo ten asinado un convenio coa Deputación de Pontevedra no que esta institución comprométese a financiar 100 axudas complementarias ao alumnado dos campus de Pontevedra e Vigo seleccionado no programas de mobilidade internacional ERASMUS+ Estudos, Prazas Propias, GE4 e ISEP no curso 2022-23.

A cláusula primeira deste convenio establece que das 100 axudas financiadas pola Deputación de Pontevedra, 80 bolsas poderán estar destinadas ao alumnado participante no programa Erasmus+ Estudos e 20 ao alumnado participante nos programas de prazas propias, ISEP e GE4. Esta distribución pode ser obxecto de modificación cando non existan candidatos/as que cumpran os requisitos establecidos nun destes grupos. Por esta razón, publicouse unha convocatoria de 6 axudas destinadas ao alumnado participante nos programas de prazas propias, ISEP e GE4 (RR de 28 de novembro de 2022), dado que só 6 estudantes cumprían coa condición de ser beneficiario/a da bolsa xeral de estudos, a bolsa MEFP, e 94 axudas destinadas ao alumnado participante no programa Erasmus. Destas 6 axudas convocadas, foron concedidas 5 (RR de 3 de xaneiro de 2023), polo que procede conceder unha axuda adicional ao estudantado participante no programa Erasmus+ Estudos cuxa resolución definitiva foi publicada o 16 de decembro de 2023.

É polo que, unha vez recibido o importe aportado pola Deputación de Pontevedra, vista a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e as súas normativas de desenvolvemento, en virtude das facultades que lle outorgan a Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril, de Universidades e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade, esta reitoría

RESOLVE

Conceder 1 axuda de 1.000 € a un estudante da Universidade de Vigo seleccionado no marco da convocatoria Erasmus+ Estudos, curso 2022-2023 de acordo coas bases recollidas no anexo I

García Balea, Jorge - Facultade de Ciencias Económica e Empresariais

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación R.R. 22/06/2022 (DOG 06/07/2022)

A vicerreitora de Internacionalización

M^a Isabel del Pozo Triviño

ANEXO I

BASES REGULADORAS DAS BOLSAS COMPLEMENTARIAS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DESTINADAS A ALUMNADO DOS CAMPUS DE PONTEVEDRA E VIGO BENEFICIARIO DUNHA PRAZA ERASMUS+ ESTUDOS NO CURSO 2022-2023

1. OBXECTO

A finalidade da bolsa é contribuír a financiar o custo da estada na universidade de destino do alumnado beneficiario dunha praza do programa de mobilidade internacional Erasmus+ Estudos, garantindo que o alumnado con escasos recursos económicos poida acceder aos programas de intercambio académico.

Segundo o convenio asinado coa Deputación de Pontevedra, concederanse en 2022 94 bolsas para Erasmus Estudos, reservando 6 axudas para o alumnado que tiña a condición de bolseiro MEFP no curso 2021-22 e que fora seleccionado nas convocatorias de prazas propias, ISEP e/ou GE4 para os que se publicou unha convocatoria específica. Destas 6 axudas, concedéronse 5 polo que, segundo establece o convenio coa Deputación de Pontevedra, pódese adxudicar a restante, 1 bolsa, a estudantado Erasmus.

2. REQUISITOS

- Estar matriculado/a no curso 2022-23 en titulacións dos campus de Pontevedra e Vigo en centros propios e nas titulación de centros adscritos de titularidade pública que non se imparten en centros propios (Enfermaría Ourense, Enfermaría Pontevedra e Enfermaría Meixoeiro da Universidade de Vigo).
- Ter adxudicada unha das seguintes prazas de intercambio internacional:
 - Erasmus + Estudos concedidas por Resolución Reitoral de 22 de abril de 2022.
- Ser beneficiario/a da bolsa xeral de estudos do Ministerio de Educación y Formación Profesional (MEFP) no curso 2021-22.
- Non ter concedida unha bolsa complementaria da Deputación de Pontevedra para realizar unha mobilidade internacional da Universidade de Vigo (Erasmus, Bolsa Propia, GE4 ou ISEP) en convocatorias anteriores.
- Non poderá ter a condición de beneficiario a persoa na que concorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

A selección realízase aplicando os seguintes criterios, ata o esgotamento do crédito orzamentario:

Concederanse ao estudantado por orde de **nota media ponderada a 30 de setembro de 2022**.

A media do expediente ponderada calcúlase dividindo a media do expediente do alumno/a entre a nota media das persoas tituladas do curso 2021-22 de cada titulación da Universidade de Vigo. De non existir datos de persoas tituladas dunha titulación, tomarase a nota media por ámbito de estudos xeral de acordo cos datos ofrecidos pola Clasificación Internacional Normalizada da Educación (ISCED). No caso dos estudantes de mestrado, empregárase a nota media do seu expediente de Grao e a media da titulación do ano no que se titulou.

4. INCOMPATIBILIDADES

A bolsa é compatible con calquera outra bolsa ou axuda obtida para a realización da mobilidade e en concreto coa bolsa xeral de estudos do MEFP.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o coste da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións.

5. DOTACIÓN E PAGAMENTO.

A Universidade de Vigo consignará a cantidade total máxima estimada de 1.000 € para o que se achega o correspondente certificado de retención de crédito.

1.000 € na aplicación orzamentaria 2023ORI1121DORI482.10

A contía máxima da bolsa será de 1.000 € que serán aboadas ao estudante unha vez acepte a bolsa e tralo envío do certificado de chegada á universidade de destino.

O pagamento da bolsa efectuarase mediante transferencia bancaria á conta indicada polo estudantado para participar no programa de intercambio e da que deberá ser titular.

6. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

A persoa beneficiaria da bolsa deberá aceptar por escrito, a través da sede electrónica, a concesión da bolsa no prazo de 10 días hábiles desde a publicación da resolución definitiva de concesión. De non facelo nese prazo, entenderase que renuncia á bolsa.

A persoa beneficiaria poderá renunciar á axuda. Deberá comunicalo ao enderezo outgoing.ori@uvigo.es da ORI, onde lle indicará os trámites a seguir. Deberá enviar o xustificante de reintegro da axuda, no caso de terse efectuado o pagamento.

7. OBRIGAS DO BENEFICIARIO

O/A adxudicatario/a da bolsa quedará obrigado/a a cumprir coas obrigas que establecen as convocatorias de intercambio polas que foi seleccionado/a.

A persoa beneficiaria debe cumprir coas obrigas recollidas no artigo 14.1 da lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que lles sexa de aplicación.

8. XUSTIFICACIÓN

Trala finalización do período de intercambio, deberá achegar a certificación de estadía como consta nas obrigas das convocatorias polas que a persoa beneficiaria foi seleccionada.

9. REVISIÓN DA AXUDA E PERDA DO DEREITO DE COBRO

A concesión desta bolsa pode ser revogada ou declarada a perda do dereito de cobro polos seguintes motivos e suporá que a persoa beneficiaria reintegre as cantidades incorrectamente aboadas:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria e nas convocatorias polas que a persoa beneficiaria foi seleccionada para realizar a estadía. .
- A ocultación de datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Pola perda da condición de universitario/a, durante todo o período de goce da bolsa.

9. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

10. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos no [Portal de bolsas](#)